



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas a la necesidad de acometer obras para mejorar la seguridad vial de la N-6 en su paso por término municipal de Bergondo.**

La N-6 es la principal arteria de comunicación para muchos habitantes de las comarcas de As Mariñas y A Coruña, y soporta diariamente un elevado volumen de tráfico. En municipios como Bergondo pasa por zonas densamente pobladas, como Guísamo y Cortiñán. Por ello, son constantes las demandas de mejoras en la seguridad vial por parte de los vecinos de estas zonas, así como de los ciudadanos que circulan por la N-6.

En mayo de 2022, tras una década de reivindicaciones vecinales, apoyadas por el BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG), el Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible adjudicó finalmente las obras para eliminar un importante punto de concentración de accidentes como es el cruce de la carretera de Ferrol con la N-VI a la altura de Guísamo, un punto negro reconocido por la propia Demarcación de Carreteras, obras que a día de hoy siguen en ejecución, próximas a finalizar.

Sin embargo, en esta misma parroquia, existe una vieja demanda por parte de los vecinos, de los trabajadores del polígono industrial, así como del CFEA (Centro de Formación y Experimentación Agroforestal) para la instalación de una pasarela peatonal para poder cruzar la calle con seguridad en una zona que tiene mucho tráfico peatonal y donde se ubican dos paradas de autobús. Se trata de una actuación que el Ministerio lleva estudiando desde aproximadamente el año 2018, hace 7 años, pero de la que no existía ninguna información nueva. Por esta razón, el BNG presentó en 2024 distintas preguntas preguntando por el estado de las actuaciones respecto a la posible construcción del paso elevado solicitado, a lo que el Ministerio respondió el 23 de septiembre de 2024 que “analizaría la necesidad desde el punto de vista técnico y funcional de una pasarela” en dicho emplazamiento.

También en la N-6 a la altura de Guísamo, encontramos una mala señalización y un paso de cebra sin regulación mediante semáforos frente a la zona más comercial de la localidad donde es frecuente que se produzcan accidentes. Sobre esta cuestión, el Ministerio



respondió al BNG mediante escrito de 18 de julio de 2024, indicando que “se está realizando un seguimiento de la seguridad peatonal y vial en las zonas comerciales e industriales y en el resto del Ayuntamiento de Bergondo” y que “propone las actuaciones necesarias si fuera necesario para mejorar la seguridad vial”.

Otro problema a tener en cuenta, y que llevan décadas sufriendo los vecinos de esta zona, en la N-6 a la altura de la parroquia de Guísamo en las inmediaciones de la zona donde ahora se ejecutan las obras de la rotonda del cruce, son las frecuentes inundaciones cuando hay lluvias intensas por algún problema. La causa de estas incidencias parece estar en las conexiones al saneamiento y la mezcla con el agua de lluvia, por lo que el ayuntamiento de Bergondo se planteó solicitar la colaboración de la Conselleria para ejecutar un proyecto de mejora y conversión de esta zona en un paso, un asunto sobre el que, hasta el momento, no ha habido más noticias mientras los vecinos ven cómo el agua entra en sus casas y propiedades, cada vez con mayor frecuencia. Además, esta situación también es peligrosa para el tráfico de vehículos, ya que la fuerza del agua provoca la rotura de las tapas de las alcantarillas.

Sobre este asunto, el BNG ya registró una pregunta en julio del año pasado, recibiendo como única respuesta en septiembre que el Ministerio “no tiene constancia de ninguna inundación en Guísamo”. Por tanto, debe entenderse que el Ayuntamiento no ha recibido ninguna solicitud para este proyecto para convertirlo en paso en este punto ni para realizar obras para evitar que se vuelvan a producir inundaciones.

Además, como ya sabe el Ministerio y hemos dejado claro en otras iniciativas parlamentarias, la parroquia está atravesada por la autopista AP-9 que atraviesa la N-6 pasando por debajo de un puente. Esta infraestructura, que en su día era una solución para la movilidad, actualmente no cumple con los estándares mínimos de seguridad para el tránsito peatonal ya que el espacio para peatones es mínimo, no pueden cruzar dos personas, ni cabe una silla de ruedas, un cochecito de bebé o un carrito de compra, por ejemplo, lo que provoca que las personas no circulen por la parte delimitada por el bordillo, con un mayor riesgo para su seguridad. En respuesta a esta pregunta, el Ministerio respondió el pasado mes de septiembre que estaba estudiando los itinerarios peatonales en los términos municipales de Bergondo “incluido el enlace de la N-6 con la AP-9 en Guísamo” que, según dijo, estaban incluidos “en diversas órdenes de estudio y proyectos de seguridad vial en el término municipal de Bergondo”. Sin embargo, no se conocen avances al respecto para acometer obras en el mencionado puente.




Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿El Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible ha analizado ya la necesidad, desde el punto de vista técnico y funcional, de instalar una pasarela peatonal en la zona del Bos, en Bergondo, como vienen reclamando los vecinos? ¿Se instalará la pasarela tal y como lo han solicitado los vecinos, los trabajadores del polígono industrial, así como el CFEA (Centro de Capacitación y Experimentación Agroforestal) para poder cruzar la carretera con seguridad?
2. ¿El Ministerio de Transporte y Movilidad Sostenible atenderá la problemática de los pasos peatonales sin regulación de semáforos ubicados en el centro de la ciudad y zonas comerciales? ¿Tiene el Ministerio alguna propuesta tras realizar la anunciada vigilancia de la seguridad peatonal y vial en las zonas comerciales, industriales y resto del Ayuntamiento de Bergondo? ¿Qué solución o acción propones para este lugar para mejorar la seguridad vial?
3. ¿Ha recibido el Ministerio nuevas notificaciones o incidencias en relación con las inundaciones ocurridas en la N-6 a la altura de Guísamo, fuera de la zona de obras del cruce, desde que comunicó el pasado mes de septiembre que "no tenía constancia" de las mismas? ¿Ha recibido alguna petición de colaboración por parte del Ayuntamiento de Bergondo para transformar este tramo en una travesía y dar una solución integral al problema de las inundaciones?
4. ¿Qué medidas prevé adoptar el Ministerio de Transportes para mejorar la seguridad vial en el puente de la AP-9 en Guísamo? ¿Están ya listos los resultados del anunciado estudio de itinerarios peatonales en los centros de Bergondo, incluido el enlace de la N-6 con la AP-9 en Guísamo? ¿Cuándo se pretenden acometer y qué calendario se maneja?

Madrid, a 2 de junio de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



Sobre as obras de mellora da seguranza viaria na N-6 ao seu paso polo termo municipal de Bergondo

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lingua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á necesidade de acometer obras para a mellora da seguranza viaria na N-6 ao seu paso polo termo municipal de Bergondo.**

A N-6 é a principal arteria de comunicación para moitas persoas nas comarcas das Mariñas e A Coruña, soportando a diario un elevado volume de tráfico. En concellos como o Bergondo, atravesa zonas densamente poboadas, como son as de Guísamo e Cortiñán. Así, as reclamacións de melloras na seguranza viaria son constantes por parte dos veciños e veciñas residentes nestas zonas, así como das persoas que circulan pola N-6.

En maio de 2022, logo dunha década de reivindicacións da veciñanza, apoiadas polo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG), o Ministerio de Transportes e Mobilidade Sustentábel adxudicaba finalmente as obras para eliminar un importante punto de concentración de accidentes como era o cruzamento da estrada de Ferrol coa N-VI á altura de Guísamo, un punto negro recoñecido pola propia Demarcación de Estradas, obras que están aínda executándose na actualidade, próximas a ser finalizadas.

Porén, nesta mesma parroquia, existe unha vella reivindicación por parte da veciñanza, dos traballadores e traballadoras do polígono industrial, así como do CFEA (Centro de Formación e Experimentación Agro-forestal) de instalación dunha pasarela peonil para poder atravesar a estrada con seguridade, nunha zona que conta con moito tránsito de peóns e onde se sitúan dúas paradas de autobús. Trátase dunha actuación que leva en estudo por parte do Ministerio aproximadamente dende 2018, 7 anos, pero da que non había nova

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

02 JUN. 2025 17:22:28

Entrada **70350**



información. Motivo polo que o BNG presentou distintas preguntas en 2024 interesándose polo estado das actuacións de cara á posíbel construción do paso elevado solicitado, ante a que o Ministerio respondeu en data de 23 de setembro de 2024 que ía “analizar a necesidade desde un punto de vista técnico e funcional dunha pasarela” neste lugar.

Tamén na N-6 en Guísamo, atopámonos cunha deficiente sinalización e un paso de ceбра sen regulación semafórica fronte a zona máis comercial do núcleo no que frecuentemente se producen accidentes. Sobre esta cuestión o Ministerio respondía ao BNG por escrito con data de 18 de xullo de 2024 que se realiza “un seguimento da seguranza viaria peonil e rodada nas zonas comerciais e industriais e no resto do Concello de Bergondo” e que “propón as actuacións precisas no caso de ser necesarias para a mellora da seguranza viaria”.

Outra problemática a ter en conta, e que a veciñanza desta zona leva padecendo durante décadas, na N-6 na parroquia de Guísamo fóra da zona en que agora se desenvolven as obras da rotonda de intersección, son as frecuentes inundacións cando se dan fortes choivas debido a un problema. A causa destas incidencias parece estar nas conexións ao saneamento e a mestura con augas pluviais, para o que o concello de Bergondo estimaba solicitar a colaboración do Ministerio para executar un proxecto de mellora e conversión en travesía desta zona, cuestión da que, até o momento, non se tivo máis noticia mentres os veciños e veciñas ven como lles entra a auga nas súas vivendas e propiedades, cada vez máis frecuentemente. Ademais, esta situación tamén é perigosa para a circulación de vehículos, xa que a forza da auga fai saltar as tapas de rexistro.

Sobre este asunto o BNG xa rexistrou unha pregunta en xullo do ano pasado recibindo como única resposta en setembro que o Ministerio non ten “constancia de inundación algunha en Guísamo”. Por tanto, debe entenderse que non recibiu tampouco petición algunha por parte do Concello para ese proxecto de conversión en travesía neste punto nin para facer obras que impidan que se produzan as inundacións novamente.

Ademais, como xa coñece o Ministerio e temos posto de manifesto en outras iniciativas parlamentares, a parroquia está atravesada pola autopista AP9 que,



no seu paso baixo a N-6 conta cunha ponte. Esta infraestrutura que, no seu momento, foi unha solución para a mobilidade, na actualidade non cumpre cos estándares mínimos de seguranza para o tránsito peonil xa que o espazo para as persoas viandantes é mínimo, non se poden cruzar dúas persoas, nin cabe unha cadeira de rodas ou un carriño dun bebe, ou un carro da compra, por exemplo, o que fai que as persoas non circulen pola parte delimitada pola beiravía cun maior risco para a súa seguranza. En resposta a esta cuestión o Ministerio respondía en setembro pasado que estaba a estudar os itinerarios peonís nos núcleos de Bergondo “incluíndo o propio nó da N-6 coa AP-9 en Guísamo” que dicía se incluían “en diversas ordes de estudo e proxectos de seguranza viaria no municipio de Bergondo”. Porén, non se coñece avances neste sentido para acometer obras na citada ponte.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Analizou xa o Ministerio de Transportes e Mobilidade Sustentábel a necesidade, desde un punto de vista técnico e funcional, de instalar unha pasarela peonil no lugar de Bos, en Bergondo, como veñen demandando os veciños e veciñas? Instalará a pasarela tal e como reclama a veciñanza, os traballadores e traballadoras do polígono industrial, así como do CFEA (Centro de Formación e Experimentación Agro-forestal) para poder atravesar a estrada con seguridade?
2. Dará o Ministerio de Transportes e Mobilidade Sustentábel á problemática do paso de peóns sen regulación semafórica situado na zona centro e comercial? Ten o Ministerio algunha proposta despois de realizar o seguimento anunciado da seguranza viaria peonil e rodada nas zonas comerciais e industriais e no resto do Concello de Bergondo? Que solución ou actuación propón para este lugar en aras da mellora na seguranza viaria?



3. Recibiu algunha nova notificación ou incidencia o Ministerio en relación coas inundacións que se producen na N-6 en Guísamo, fóra da zona de obras da intersección, desde que en setembro pasado comunicara que “non tiña constancia”? Ten recibido algunha solicitude de colaboración por parte do Concello de Bergondo para transformar este tramo en travesía e dar solución integral a problema das inundacións?
4. Que medidas ten pensado adoptar o Ministerio de Transportes para a mellora da seguranza viaria na ponte da AP-9 en Guísamo? Ten xa o resultado do estudio anunciado dos itinerarios peonís nos núcleos de Bergondo incluíndo o propio nó da N-6 coa AP-9 en Guísamo? Cando pretende acometelas ou que calendario manexa?

Madrid, a 2 de xuño de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso